

XORNALISTA

Lois Celeiro: “Dan millóns á banca e deixan coa soga no pescozo á prensa”

04.10.2010 “Os fillos dos labregos e obreiros somos bilingües, riqueza da que desgraciadamente carecen os que crean asociacións de bilingüismo e que non falan nunca en galego”

POR MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Lois Celeiro Álvarez (Samos -Lugo, 25 de decembro de 1955) é licenciado en Ciencias da Información, na rama de Xornalismo, pola Universidade Complutense de Madrid, e doutor en Socioloxía e Ciencia Política, pola Universidade de Santiago de Compostela, na que traballa actualmente como director do Gabinete de Comunicación e como profesor asociado na Facultade de Ciencias da Comunicación.

A súa actividade como xornalista comeza en *A Nosa Terra* (cando aínda era estudante), en 1998, logo foi director do semanario *Tempo Galego*, correspondente en Galicia de *Diario 16*, colaborador de *El Progreso*, *La Voz de Galicia*, *La Voz de Ortigueira*, *EL CORREO GALLEGO* e *O Correo Galego*, xunto con outra serie de publicacións diarias e semanais.

No ano 1986, despois de dous anos na Administración Autonómica como xefe do Gabinete de Comunicación da Consellería de Educación e Cultura, incorpórase como xornalista ó cadro de persoal da Universidade de Santiago. No ano 1991 volve á Xunta de Galicia, para traballar como xefe do Gabinete do Conselleiro, primeiro, de Relacións Institucionais e, despois, de Cultura. En xuño de 1996 retoma a súa actividade como director de Comunicación da Universidade de Santiago.

Do traballo que realiza na Universidade destaca a actividade académica, como profesor de Xornalismo. A súa actividade como investigador céntrase no eido da Comunicación nas organizacións, tema sobre o que ten varias publicacións. No ano 1997 a Universidade encárgalle a dirección do súa publicación xornalística e, en novembro de 1999, a do diario dixital USC. Xornal electrónico, o primeiro xornal diario electrónico das universidades do Estado español.

Ten escrito e publicado varios traballos no campo da literatura, un deles é o libro *Fiz Vergara Vilariño*, poeta nos eidos da bremanza, co que gañou o prestixioso premio literario “Ánxel Fole”. No ano 2007, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo publica, en galego e castelán, o seu libro *Elías Valiña, valedor do Camiño*, un ensaio biográfico sobre o cura do Cebreiro.

Está considerado como experto no Camiño de Santiago, é vicepresidente da Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA) e foi director, nos dous últimos anos, de tres cursos de Verán da Universidade de Santiago de Compostela sobre o Camiño, o primeiro, en 2008, *O Camiño de Santiago: comunicación e cultura*, e o segundo, en 2009, sobre *O Camiño de Santiago: Paisaxe e comunicación*, e o terceiro, no verán de 2010, *O Camiño de Santiago: Comunicación e Normativa*.

Bos días, Lois, é un pracer para min manter esta conversa cun amigo de hai tantos anos e leguas, de maneira que imos comezar falando sobre status, ou estado da cuestión do noso idioma nacional galego. O Decreto de Normalización Lingüística, ben de mínimos, foi “aparcado” por un goberno, digan o que digan, enfrontado ao noso idioma, tentando de facelo subsidiario do castelán hexemónico. A proba evidente, tanto ao meu xuízo, como ao doutras persoas, o chamado “Decretazo”, supón un disparate e polo tanto unha agresión ao noso principal

senal identitario, do que dimana o xeral da cultura nacional galega... Se deixamos que nos arrebatan o noso idioma seremos coma figuras pantasmais e esperpénticas na néboa metafísica da Historia, uns mómaros ou espantallos abraiantes... Cal é Lois, a reflexión que se che ocorre diante desta miña introdución?

Dan ganas de chorar. Varias razóns fan que o estado da cuestión ao que te refires sexa de desacougo. O idioma –como ben dis– é o símbolo de identidade máis importante que temos, logo esixe coidado e respecto, en tódolos ámbitos. A min non me gusta que se converta o idioma en ferramenta para a loita política. Os responsables dos partidos e mesmamente os faladores de emisoras de radio, escribidores de gacetillas e páxinas web, deben ter claro que as persoas teñen que asumir responsabilidade para garantir que cada quen coñeza cales son os seus dereitos, sen discriminación ningunha.

A min tampouco me fai graza falar de discriminacións, pero o colonialismo sutil e residual, o autocolonialismo, autodesprezo, autoodio e os lingüicidas, estampa dual da escravitude remunerada coas "sobras do banquete"; a discriminación secular do galego respecto do castelán tamén imposto a sangue e lume, agora, nun status aparentemente democrático-burgués, non sería bo insistir, nunha discriminación positiva a favor do galego ata lograr un equilibrio que agora non existe?

Os galegos temos que estar orgullosos de selo. Temos un país pequeno, pero con moitas riquezas e grandezas, temos capacidade para endereitar o futuro e non ter en conta as etapas borrosas da historia, por recentes que sexan. Temos respecto aos pasados e á cultura herdada. Superamos a fase do amén e somos reivindicativos e esixentes para marcar os vieiros para seguir. Non temos razóns para eses "autodesprezo" e "autoodio". O mesmo idioma noso goza de prestixio, no agro, na fábrica, nas relacións internacionais e na universidade. Agora os fillos dos labregos e obreiros somos verdadeiramente bilingües, riqueza da que desgraciadamente carecen aqueles que crean en Galicia asociacións de bilingüismo e que non falan nunca en galego. Parece unha ironía ou, mellor dito, un contrasentido, un despropósito.

Dubidas da nación galega como tal, Lois?

Non teño nada que dubidar. Ao parecer, a palabra nación procede do latín "natio", derivada de "nascor" que significa nacer, logo os que nacemos en Galicia somos da mesma nación, temos un territorio, unha cultura e unha lingua común. Este concepto de nación, co andar dos séculos, foi evolucionando e adquirindo matices xurídico-políticos, coa orientación dada polas elites dirixentes, interesadas polo control económico e social dos pobos.

Un estado republicano e federal sería un paso interesante para o recoñecemento das nacións negadas hoxe dentro do Estado español?

Non o sei, pero parece claro que Cataluña, Euskadi, Galicia e Andalucía son, cando menos dende unha mirada sociolóxica, catro nacións sen recoñecemento xurídico-político.

Unha Galicia ou Galiza republicana e socialista é posíbel, ou é un soño inalcanzábel?

Eu son dos que gustan de soñar e todo me parece posible. Por moi irrealizable que vexa un plan cando se formula, se os seus obxectivos son correctos e coherentes, debemos mostrarnos fronte ao seu desenvolvemento con optimismo. Autopía é necesaria sempre e, máis aínda, nestes tempos de apatía e política papaverácea.

O xornalismo que se fai, ou pode facerse, está sometido ao interese da arbitrariedade capitalista, ou parcelas de liberdade...?

Non quería falar de xornalismo, pero vexo que non se pode pasar sen facelo. O de hoxe é regular e o de onte era malo. Son bos, pola contra, os xornalistas, extraordinarios profesionais, con boa formación teórica e técnica, pero as posibilidades que teñen para desenvolver con eficacia a súa actividade son limitadas, moi limitadas. Dende unha posición estratéxica e económica, sería conveniente que os responsables políticos reflexionaran sobre a función de servizo público que desenvolve o xornalismo e os medios de comunicación. Eu non sei cal é a razón pola que se establecen mecanismos de axudas millonarias a sectores como a banca, por exemplo, e se permite que empresas da comunicación vivan coa soga no pescozo, incapacitadas para poder informar con liberdade.

Liberdade para informar é a palabra clave neste caso, e teñen que exercitala e permitirla todos, os empresarios da comunicación, os traballadores dos medios, os políticos, os empresarios e os ricos. Algúns teóricos din que o xornalismo é o cuarto poder, pero máis ben parece que o poderío do capital imponse para poñer ao seu servizo aos políticos, aos xornalistas e mesmamente aos medios de comunicación.

Vida e morte... O mesmo plano dun proceso inacabábel?

Vida e morte é primeiro disco de Amancio Prada, de principios dos anos setenta, cando aínda estaba en París. Non sei se o xenial cantautor quería indicar algo especial con este título, pero aí está. A vida e a morte son planos que se sitúan en procesos continuados e alternos. Por certo, medidos en tempo, moi curto o primeiro e infinito o segundo. Os científicos non son quen de determinar claramente que é a vida, algúns din que é o posicionamento, densidade e movementos da enerxía, o mesmo que a morte.

É primeiro disco de Amancio Prada, de principios dos anos setenta, cando aínda estaba en París. Non sei se o xenial cantautor quería indicar algo especial con este título, pero aí está. A vida e a morte son planos que se sitúan en procesos continuados e alternos. Por certo, medidos en tempo, moi curto o primeiro e infinito o segundo. Os científicos non son quen de determinar claramente que é a vida, algúns din que é o posicionamento, densidade e movementos da enerxía, o mesmo que a morte.

Está a vivir a literatura galega un dos momentos máis brillantes ou importantes da súa historia...?

A literatura galega goza de moi boa saúde. Temos na actualidade excelentes escritores nos distintos xéneros, temos varios premios de prestixio que incitan e convidan aos novos a introducírense no mundo literario, temos un mercado do libro máis ou menos consolidado e temos unha xuventude que coñece, estuda e traballa nas aulas coa produción dos nosos escritores.

Non cres que fomos educados para a escravitude máis que para a liberdade?

Na época dos nosos pais, arredor de mediados do século XX, os galegos non eran educados, eran amansados para que fosen uns bos traballadores de pico e pa, uns emigrantes calados e sufridos. Agora estamos noutros tempos, e os galegos van polo mundo facer ciencia, impartir docencia nas distintas universidades, espallar coñecemento e axudar ao desenvolvemento social, científico e tecnolóxico. Sería moi interesante facer algo para que a formación e a sabedoría destas persoas espalladas por Europa e América revertera directamente en Galicia.

Que tal se leva Lois Celeiro coa prosa, co ensaio, coa poesía...?

Coa poesía mellor que con ningún dos outros xéneros, pero ben con todos. Leo ensaio por obriga profesional, na maioría dos casos, e leo novela, cando podo.

E contigo mesmo?

Unhas veces ben, outras regular e outras mal.

Hai que manter viva a utopía, as utopías...?

Naturalmente, a utopía xustifica os malos tragos. Cómpre mantela viva e alimentala. Eu, como García Márquez, "creo que aínda non é tarde para construír unha utopía que nos permita compartir a terra", a pesar de que outro escritor Eduardo Galeano pensa que só serve para camiñar, que se vai afastando co horizonte.

Que límites podes ti establecer entre a verdade e a mentira, cal a fronteira ou fronteiras?

Eu non creo nas medias verdades ou medias mentiras, a pesar de que din que dentro dunha gran mentira hai unha pequena verdade. A verdade é necesaria e imprescindible, mentres que a mentira é detestable. Dícíao moi ben Antonio Machado, "a verdade é o que é, e segue sendo verdade aínda que se pense ao revés".

O tempo é unha percepción persoal ou un retrato colectivo e ambiguo... Poderías ti facer unha descrición?

O tempo é unha realidade cruenta. Platón xa fixo as súas reflexións sobre esta cuestión e pódese entender que se trata dunha cultura en cambio ou que vai evolucionando segundo evolucionan os coñecementos da sociedade. Aristóteles relacionou o tempo co movemento e, certamente, aos que non somos entendidos e xa pasamos dos cincuenta, parécenos que é imparable.

No canto dos credos, das relixións... Cal é a túa actitude, a túa opinión?

Xa o dixen antes, gústame a poesía, ler poesía. E moitas das veces que vou ás igrexas recito en voz baixa un par de versos de Novoneyra:

".../ Terra só en ti me fundo / é a certeza que trago".

O mundo que habitamos e nos habita non é un grande latrocinio?

O mundo é susceptible de moitas melloras e a sociedade que se asenta nese mundo tamén ten moito que mellorar. Cómpre a axuda de todos, incluso dos que non queren cambiar, para crear un mundo mellor e unha sociedade máis xusta, para erradicar as agresións constantes, e de modo especial as intensas agresións ao medio natural. Cómpre pensar no repartimento da riqueza e do traballo, cómpre erradicar as agresións permanentes que o mundo rico fai ao mundo pobre.

Hai coartadas para manter viva a opresión, o esgazamento de homes e mulleres?

Non, non hai coartadas nin razóns, nin xustificacións.

Que parte de soño lle corresponde á vida?

A vida é unha realidade e temos que facer o posible para que todos os que viven sexan felices, como se estivesen nun soño.

O natural tamén é político, como enuncia a miña amiga Teresa Moure?

Político é todo, tamén a túa amiga Teresa será política. O natural debe ser protexido por todos e de modo especial polos responsables de protexer o patrimonio. Cando algo é natural, como dicía Sócrates, vale para todo.

Que libro non se che vai da cabeza e sempre retornas a el?

Moitos, releo libros dos que teño na casa, incluso a Biblia. O outro día comprei unha edición de máis fácil lectura.